UNIDADE 10 RESUMO

Recorda

.

- *Os aoristos radicais temáticos teñen o mesmo valor e significado que os aoristos sigmáticos*
- *Chámanse "temáticos" porque unen a raíz e a desinencia mediante una vogal temática: –ο– ante desinencias en nasal e –ε– ante as demais.*
- *Os aoristos radicais atemáticos unen a súa raíz ás desinencias (sen vogal temática).*
- *O acusativo complemento directo dunha oración activa pasa a suxeito na pasiva, e o suxeito, a complemento axente.*
- *O participio **atributivo**, acompañado do artigo, equivale a unha oración de relativo; o participio **apositivo**, sen artigo, equivale a unha oración circunstancial; o participio **predicativo** pódese traducir por un infinitivo, un adverbio ou unha oración substantiva.*
- *A novela é o máis recente dos xéneros literarios gregos. É unha narración amorosa en prosa, na que se relatan aventuras por países lonxanos e con final feliz.*
- *Nunha cidade grega había templos e recintos sagrados dos deuses, teatros e odeóns, instalacións deportivas e a ágora, a praza pública na que se reunía a xente e se celebraba o mercado.*